



Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2015

## CONVOCATORIA ELECCIÓNS XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, con motivo da finalización do período de mandato de catro anos, acordou na súa reunión do 13 de outubro, proceder á **CONVOCATORIA DE ELECCIONS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, a celebrar o vindeiro 15 de xaneiro de 2016**, que se desenrolarán de acordo ó procedemento e prazos recollidos nos artigos 55 e seguintes dos Estatutos, que regulan as Eleccións a cargos da Xunta de Goberno:

1º.- O **prazo para presentar candidaturas ante a Secretaría do Colexio**, con domicilio en rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB, 15.701 – Santiago de Compostela, comeza o mesmo día da convocatoria ata os 30 días hábiles anteriores á realización das eleccións, prazo de tempo que empezará a contar o 30 de outubro, e finalizará o 9 de decembro, inclusive.

De conformidade co disposto no artigo 58.1 dos Estatutos, só poden concorrer ás eleccións candidaturas completas nas que figuren todos os membros do Pleno da Xunta de Goberno que se vai elixir (Presidente, Vicepresidente primeiro, Vicepresidente segundo, Secretario, Tesoureiro e cinco vogais).

2º.- As candidaturas presentadas deben formarse **indicando cada candidato a súa aceptación a formar parte da candidatura, a designación do cargo ó que opta e a acreditación da súa condición de colexiado exercinte e de estar ó día no pago das cotas colexiais**, non admitíndose a candidatura dun colexiado simultaneamente para máis dun cargo, en virtude do disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 58 dos Estatutos.

3º.- Tal e como se recolle no art. 59 dos Estatutos, **ó día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de candidaturas, a Xunta de Goberno debe proclamar as candidaturas que reúnan os requisitos establecidos**. A continuación publicaranse no taboleiro de anuncios do Colexio as candidaturas proclamadas e comunicárase a proclamación a cada unha delas.

A exclusión debe ser motivada e notificárase á candidatura interesada no prazo dun día hábil, podendo interpoñerse recurso contra a resolución de exclusión ante a Xunta de Goberno no prazo de dous días hábiles, debendo resolver a Xunta de Goberno nos dous días hábiles seguintes á presentación do recurso.

4º.- A **Mesa Electoral** constituirase, segundo o art. 60 dos Estatutos, o mesmo día da realización das eleccións e estará integrada polo Presidente e a Secretaria da Xunta de Goberno, podendo estes ser substituídos por calquera outro membro da Xunta.

Na Mesa Electoral colocaranse urnas separadas para a votación dos colexiados exercintes e dos non exercintes.

A Mesa Electoral quedará constituída na sede do Colexio, sita en rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB, 15701 – Santiago de Compostela.

5º.- As eleccións celebraranse o **15 de xaneiro de 2016**, sendo o horario de votación de 9h a 19h, dando así cumprimento ó disposto no art. 60.6 dos Estatutos.

6º.- Os votantes deben acreditar ante a mesa electoral a súa personalidade, **non admitíndose o voto por delegación**.

7º.- Aqueles colexiados que desexen emitir o seu **voto por correo**, poderán solicitar á Secretaría do Colexio a certificación que acredite que están incluídos no censo de colexiados con dereito a voto dende a convocatoria de eleccións ata 15 días hábiles antes das eleccións.



Colexio Oficial de Xoiarúa

De conformidade co art. 63 dos Estatutos, esta solicitude efectúase por comparecencia persoal na Secretaría do Colexio ou nas súas Delegacións. Pódese efectuar tamén mediante escrito dirixido ó secretario, enviado por correo certificado e firmado persoalmente, achegando fotocopia do documento nacional de identidade ou do carnet de colexiado.

O secretario do Colexio entregará ó solicitante a documentación necesaria para votar, ben persoalmente, con ocasión da comparecencia ante a Secretaría do Colexio ou ben mediante o envío por correo ó domicilio que designe o colexiado.

Para a emisión do voto por correo, e en cumprimento do disposto no art. 64 dos Estatutos, introducirase a papeleta nun sobre en branco. A súa vez este sobre introducirase noutro, o cal hai que incorporar a certificación expedida pola Secretaría do Colexio e a fotocopia do DNI ou do carné de colexiado. Este segundo sobre debe enviarse por correo certificado dirixido ó presidente do Colexio consignando: “Para as eleccións do Colexio Profesional de Xoiarúa, Ourivarúa, Pratarúa, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia”.

8º.- Finalizada a votación, procederase ó escrutinio dos votos emitidos, finalizado o cal proclamarase electa a candidatura que obtivera o maior número de votos. En caso de empate, quedaría elixida a candidatura que obtivese maior número de votos de colexiados exercintes.

**Recordámosvos que podeades consultar o texto íntegro dos Estatutos na páxina web [www.coxga.es](http://www.coxga.es).**

### CALENDARIO ELECCIÓN XUNTA DE GOBERNO 2015

30/10/15	- Convocatoria de eleccións Xunta de Goberno - Apertura do prazo para a presentación de candidaturas. - Apertura do prazo de solicitude do voto por correo.
09/12/15	- Peche do prazo para presentación de candidaturas.
10/12/15	- Proclamación de candidaturas que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos. - Publicación das candidaturas admitidas no taboleiro de anuncios do Colexio.
11/12/15	- Notificación motivada da exclusión de candidaturas presentadas. - Apertura de prazo para interpoñer recurso ante a Xunta de Goberno contra a resolución de exclusión de candidatura.
14/12/15	- Peche do prazo para resolver recurso contra a resolución de exclusión de candidatura.
28/12/15	- Finalización do prazo de solicitude voto por correo.
15/01/16	- Constitución da Mesa Electoral. - Votacións de 9:00 a 19:00 horas, na Mesa Electoral, constituída na sede do Colexio en rúa Ramón Cabanillas, 5 -7, 2ºB, Santiago de Compostela. - Escrutinio - Proclamación da candidatura máis votada.
21/01/16	- Comunicación da composición da nova Xunta de Goberno ó departamento competente da Xunta de Galicia.

  
Fdo: Carmen María Otero García  
Secretaria

  
Colexio Oficial  
de Xoiarúa